XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

FOGGA
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

galicia

Secretaría
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T.: 981 546 283 F.: 981 546 191
mediorural.fogga@xunta.es

CIG Local Sindical San Caetano
Edificio Administrativo de San Caetano

Ref: *PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RPT DO FOGGA.*

O pasado 22 de decembro de 2011, ás 10.00 h tivo lugar nas instalacións do Fogga a primeira reunión cos representantes das distintas organizacións sindicais cuxo obxecto foi o debate das modificacións que se pretenden realizar na RPT do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Con data do 26 de decembro de 2011 tivo entrada no Rexistro da Xunta de Galicia, escrito de alegacións á modificación da RPT do Fondo Galego de Garantía Agraria presentado polo sindicato Confederación Intersindical Galega (en diante CIG).

Unha vez estudadas as alegacións presentadas e con carácter previo á segunda reunión coas organizacións sindicais, a Secretaría do Fogga formula a seguinte

CONTESTACIÓN ÁS ALEGACIONS

1º- que se destrúe emprego, xa que na modificación proposta amortízanse tres postos para crear dous. Neste senso, pregúntase se os postos foron ofertados no concurso e aos aspirantes de novo ingreso.

Estes dous postos base Grupo A de Enxeñeiros Técnicos Agrónomos non se ofertaron no concurso porque non se convocou durante este período o concurso de corpos especiais, nin se realizou ningún acto de elección de destino de persoal de novo ingreso da escala de enxeñeiros agrónomos.

Solicitouse en dúas ocasións a súa cobertura mediante comisión de servizos e persoal interino.

2ª- En relación cos postos de persoal indefinido non fixo solicitan se lles faga entrega das sentenzas.

Na próxima reunión achegaráselles copia compulsada das devanditas sentenzas.

CVE: 6f072ad4-d230-4cb7-86b5-837754f4d5e7

Secretaría
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T.: 981 546 283 F.: 981 546 191
mediorural.fogga@xunta.es

3º- Non aceptan a apertura dos postos a persoal doutras Administracións Públicas aínda que entenden xustificada a súa apertura en casos concretos.

Non se entende a alegación, en tanto non se abre ningún posto a outras Administración Públicas, todo o contrario, acórdase pechar algunhas prazas de libre designación á funcionarios da Xunta de Galicia.

Das 137 prazas coas que conta o organismo, só 5 quedan abertas á adscrición indistinta de funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA, o que representa o 3,64 % das prazas, e que son as seguintes:

Denominación do posto	Código
Secretario/a do Director	MR.A01.00.000.15770.003
Xefe/a do Servizo de Xestión Económica, Tesouraría e Contratación	MR.A02.00.000.15770.045
Subdirector/a de Xestión da PAC	MR.A03.00.000.15770.001
Xefe/a do Servizo de Intervención de Mercados	MR.A03.00.000.15770.037
Xefe/a do Servizo de Axudas Complementarias	MR.A03.00.000.15770.045

Estas 5 prazas xa estaban abertas na anterior RPT a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CCAA.

4º- Que a maioría dos postos que se relacionan na RPT contan con excesivos requisitos de titulación e de formación especifica, nalgúns caso incoherentes, exemplo disto é o requisito de titulación académica códigos 2003/3003

Admítese a alegación da CIG e suprímese as titulacións académicas esixidas nas xefaturas de Servizo e na Subdirección Xeral de Xestión da PAC, que quedan abertas á Administración Especial, sen requisitos de titulación.

CVE: 6f072ad4-d230-4cb7-86b5-837754f4d5e7

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

FOGGA
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

galicia

Secretaría
Rúa dos Irmandiños s/n - Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T.: 981 546 283 F.: 981 546 191
mediorural.fogga@xunta.es

5º- que, respecto á creación da Xefatura de Sección de Recuperación de Pagamentos Indebidos, non están de acordo nin coa forma de provisión nin cos requisitos de formación especifica esixidos.

Admítense as alegacións da CIG sobre os requisitos de formación especifica esixidos, e suprímense todos os requisitos. Modifícase tamén a súa forma de provisión, que será mediante concurso de traslados.

6º- que, na Xefatura de Área do Servizo de Intervención de Mercados esixe titulación académica de veterinario. Consideran que non está xustificado.

O posto de xefe/a de área que se menciona queda restrinxido aqueles funcionarios que teñan a titulación académica de veterinaria, pois así se estableceu na Orde do 22 de xullo de 2011 da Consellería de Facenda. pola que se convoca o concurso de traslados de veterinarios, DOG 142 do 26 de xullo, posto núm. 27 da relación ao que corresponde o código MRA 03 00 000 15770 038.

7º- que, no Servizo Territorial de Ourense debería revisarse a observación feita na praza de Titulado/a de Grao Medio, xa que non figura na relación de prazas correspondentes á DT 10º do V Convenio (segunda parte).

A praza de Titulado/a Grao Medio sí figura na relación de prazas da Resolución da Consellería de Facenda do 2 de xullo de 2011, DOG núm.4 na páxina 424 có código MR C 99 10 000 3201 150.

En virtude do exposto, e unha vez contestadas as alegacións remitidas, convocáselle para a segunda reunión coas organizacións sindicais que terá lugar:

Data: *15 de marzo de 2012*
Hora: 10.00 h.
Lugar: Sala de Xuntas *José Luis Díez Díez* do Fogga.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2012

O secretario de Fondo de Garantía Agraria

Asinado electronicamente

CVE: 6f072ad4-d230-4cb7-86b5-837754f4d5e7

Este documento foi asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica, por:

Asinado por:	**Rego Vilar, Simón (secretario do Fondo Galego de Garantía Agraria)**
Selo de tempo	**12/03/2012 14:13:04**

Código de Verificación: 6f072ad4-d230-4cb7-86b5-837754f4d5e7

Este código permite a verificación da integridade dunha copia deste documento electrónico a través da páxina web institucional da Xunta de Galicia